

Lunes, 05 de Mayo de 2008 - 00:25

BOLETÍN I+D+I 2/5/2008

Un dos inventores españois máis prolífico, Pep Torres, presentará en Santiago os seus inventos e demostrará que “nada é imposible”

Explicará a aplicación do “ruido mediático” e visibilidade aos seus clientes

SANTIAGO. AGN.- A terceira edición do Día Galego do Emprendedor terá lugar o vindeiro 15 de maio no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela, promovido polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e BIC Galicia, da Consellería de Economía e Facenda. O evento forma parte da campaña nacional “Emprendemos Juntos” do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Na xornada participará o creativo catalán Pep Torres, que intervirá cun relatorio titulado “Nada é imposible”. Posúe unha longa traxectoria como inventor das cousas máis variadas, orixinais e en ocasións disparatadas. Aínda que se fixo popular inventando obxectos para programas de televisión, como o desaparecido “Crónicas Marcianas” ou “El Hormiguero” da cadea Cuatro, na actualidade dirixe a súa propia empresa, o estudo de invención Stereonoise Ideas, e é moi respectado no mundo do marketing polo éxito das súas propostas creativas, moitas das cales lograron dar a volta ao mundo.

No marco do Día Galego do Emprendedor, o creativo animará aos mozos galegos a emprender. Explica que, no seu caso, se decidiu a crear a súa propia empresa porque se considera unha persoa “intuitiva”. Así, a través dos seus inventos e da innovación logra “dar ruido mediático y visibilidad” aos seus clientes, no lugar de desenvolver unha campaña publicitaria tradicional. Nesta liña, manifesta que “la forma de comunicarnos a cambio radicalmente, por el uso de los móviles, SMS, internet... y todas las nuevas tecnologías, de forma que el mundo ha ido mucho más rápido que la respuesta de los creativos publicitarios”.

Torres: “El marketing actual debería ser más simpático y cercano”

O creativo opina que o marketing precisa de “una vuelta de tuerca” para chegar ao público. Considera que debería ser máis “simpático y cercano”. E apunta que “yo no soy especialista pero me dejo llevar por la intuición, a través de mi forma de ver el mundo, y funciona”.

Pep Torres traballa en tres liñas de negocio diferentes. Por un lado, dedícase a inventar novos produtos. Por outro lado, os seus esforzos creativos oriéntanse a dar a coñecer aos seus clientes e, por último, busca solucións orixinais e eficaces para problemas que se lles presentan aos clientes, en colaboración con centros tecnolóxicos encargados de desenvolver os produtos que el idea.